

O verbo. Número e persoa

LEMBRA

As formas verbais poden estar en singular ou en plural, segundo o número de persoas que realiza a acción do verbo, e poden referirse á persoa que fala (primeira), á que escoita (segunda) ou a outra (terceira). Por iso dicimos que os verbos teñen **número e persoa**.

As **formas non persoais** do verbo son o **infinitivo**, o **xerundio** e o **participio**.

1 Subliña as formas verbais de cada oración e clasifícaaas.

- Meu pai prepara a cea mentres nós poñemos a mesa.
- Os vossos amigos din que vós debuxades moi ben.
- Eu nado tres veces por semana. Que deporte practicás ti?



	Singular	Plural
Primeira persoa	<u>nado</u>	<u>poñemos</u>
Segunda persoa	<u>practicás</u>	<u>debuxades</u>
Terceira persoa	<u>prepara</u>	<u>din</u>

2 Risca a forma verbal incorrecta en cada caso.

- Helena toca ~~toean~~ o violín desde os catro anos.
- Alberte e eu ~~vou~~ imos xuntos ao colexio cada día.
- Xes, ti sabes ~~sabedes~~ como se resolve este problema?
- Todos os meus amigos ~~vive~~ viven neste barrio.
- Eu leo ~~lemos~~ cada día unha anaco antes de durmir.




3 Arrodea só as formas non persoais, seguindo o código de cores.

- | | | | | | |
|---|----------|--|--------------|---|--|
| <div style="border: 1px solid red; border-radius: 50%; padding: 2px; display: inline-block;">infinitivo</div> | | <div style="border: 1px dashed green; border-radius: 50%; padding: 2px; display: inline-block;">xerundio</div> | | <div style="border: 1px dotted blue; border-radius: 50%; padding: 2px; display: inline-block;">participio</div> | |
| ■ viaxabamos | ■ pasar | ■ (lendo) | ■ saído | ■ chegaches | |
| ■ rematada | ■ berrar | ■ nadaredes | ■ (tusindo) | ■ sabías | |

4 Completa as oracións coas formas non persoais anteriores.

- Cando chega o inverno, as andoriñas emigran porque non queren pasar frío.
- Creo que Sara ten un arrefriado porque pasou a clase tusindo.
- Rematada a película, deitáronse.
- Se non deixades de berrar, enfadareime.
- Xoana estivo lendo no sofá toda a mañá.
- Darás saído do traballo antes das seis?



5 Escribe unha forma verbal para cada indicación. RM.

- Verbo *pintar*, primeira persoa, singular ▶ pinto
- Verbo *seguir*, segunda persoa, plural ▶ seguides
- Verbo *varrer*, terceira persoa, singular ▶ varre
- Verbo *percorrer*, primeira persoa, plural ▶ percorremos
- Verbo *xogar*, segunda persoa, singular ▶ xogas
- Verbo *conducir*, terceira persoa, plural ▶ conducen

